



EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 28/06/2016

4. Mocións.....	3
4.1 09/MOC-000188 (0051384)	3
(0051384) Entrada da iniciativa.....	4
(0051739) Emendas dos grupos parlamentarios	6
(0051777) Emendas dos grupos parlamentarios	7
4.2 09/MOC-000189 (0051385)	8
(0051385) Entrada da iniciativa.....	9
(0051775) Emendas dos grupos parlamentarios	11
5. Proposicións non de lei ante o pleno.....	13
5.2 09/PNP-003711 (0050551)	13
(0050551) Entrada da iniciativa.....	14
(0051740) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
(0051757) Emendas dos Grupos Parlamentarios	21
(0051764) Emendas dos Grupos Parlamentarios	23
(0051776) Emendas dos Grupos Parlamentarios	24
5.3 09/PNP-003739 (0050798)	25
(0050798) Entrada da iniciativa.....	26
(0051736) Emendas dos Grupos Parlamentarios	29
(0051750) Emendas dos Grupos Parlamentarios	31
(0051778) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
5.5 09/PNP-003757 (0050903)	35
(0050903) Entrada da iniciativa.....	36
(0051771) Emendas dos Grupos Parlamentarios	38
5.7 09/PNP-003792 (0051317)	39
(0051317) Entrada da iniciativa.....	40
(0051749) Emendas dos Grupos Parlamentarios	43



4. MOCIÓN.

4.1 09/MOC-000188 (0051384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 3778, publicada no BOPG nº. 58, do 26.02.2013 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

(0051384) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:25
Nº Rexistro: 51384
Data envío: 10/06/2016 12:25:55.150



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación (doc. 3778) debatida na sesión plenaria celebrada o día 7 de xuño de 2016, sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

Partido dos
Socialistas
de Galicia

MOCIÓN


O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a convocatoria de oferta pública de emprego deste ano para devolver o número de persoal fixo da Administración autonómica aos mesmos niveis no ano 2009.
2. Aplicar un criterio único rexido baixo os criterios de transparencia e publicidade das listas de contratación temporal en toda Administración pública galega e organismos dependentes dela, para garantir que poidan ser consultadas.
3. Derrogar a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así coma os artigos da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, que consoliden os devanditos retallos aplicados aos empregados e empregadas públicos.
4. Devolver á vixencia na súa totalidade o Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:25
Nº Rexistro: 51384
Data envío: 10/06/2016 12:25:55.150



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Retomar a negociación colectiva, no prazo máximo dun mes, a través da constitución dunha mesa de negociación na que estea representada a Administración autonómica e as centrais sindicais da función pública, para tratar a perda de poder adquisitivo acumulado desde o ano 2012, especialmente coa redución do 40 % do específico ou cantidade equivalente, nas pagas extra de 2013, 2014, 2015 e 2016, co obxectivo de establecer un acordo plurianual que restituía a débeda acumulada, ademais doutros dereitos de carácter social arrebatados, coma a eliminación das axudas do Fondo de Acción Social.

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 10/06/2016 12:17:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/06/2016 12:18:00

(0051739) Emendas dos grupos parlamentarios

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 11:24
Nº Rexistro: 51739
Data envío: 27/06/2016 11:24:40.186

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través da súa deputada **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición** á **Moción do G.P. do PSdeG 51384 (09/MOC-000188)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público, incluída na orde do día do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 28 de xuño de 2016.

EMENDA DE ADICIÓN:

Proponse engadir á parte resolutiva unha nova alínea 6 co seguinte texto:

6. Convocar no mes de setembro á representación sindical do persoal ao servizo da Administración autonómica para a actualización do acordo de Carreira Profesional no réxime extraordinario, e a negociación do réxime ordinario de **Carreira Profesional para todas as categorías e vínculos laborais**.

Pazo do Parlamento a luns, 27 de xuño de 2016


Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 27/06/2016 11:23:41

1



(0051777) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 18:12
Nº Rexistro: 51777
Data envío: 27/06/2016 18:12:17.436

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega
de Esquerda



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Juan Manuel Fajardo Recouso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Moción**, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, 09/MOC-000188 (51384), sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público.

Emenda de Adición

Débase engardir no apartado 3:

"Exceptuando a supresión do complemento de destino dos ex altos cargos. "

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 27/06/2016 18:02:27

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/06/2016 18:02:36



4.2 09/MOC-000189 (0051385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción consecuencia da Interpelación nº. 42684, publicada no BOPG nº. 539, do 21.10.2015 e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

(0051385) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:51
Nº Rexistro: 51385
Data envío: 10/06/2016 12:51:02.478



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada-portavoz **Patricia Vilán Lorenzo** e do seu deputado **José Antonio Sánchez Bugallo**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación (doc. 42684) debatida na sesión plenaria celebrada o día 7 de xuño de 2016, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

MOCIÓN

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á adopción das medidas seguintes:

- 1.- Ao control exhaustivo da depuración e saneamento das augas en Galicia, control que ha de garantir a calidade das mesmas.
- 2.- A indagar e reflexar publicamente as condicións exactas en que se atopan as depuradoras en funcionamento.
- 3.- A aportar a porcentaxe de auga tratada con respecto ao total de auga residual recollida e o volume de auga sen depurar na nosa Comunidade.
- 4.- A aportar a porcentaxe de estacións depuradoras que hai funcionando nas aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes equivalentes e nas de máis de 15.000.
- 5.- Á derogación dos novos tributos da lexislación de Augas.


Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2016 12:51
Nº Rexistro: 51385
Data envío: 10/06/2016 12:51:02.478



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/06/2016 12:49:45

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/06/2016 12:50:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

(0051775) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Juan Manuel Fajardo Recouso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Moción**, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, 09/MOC-000189 (51385), sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais.

Emenda de Adición

Débense engadir tres novos puntos ao final da parte resolutiva:

“6.- A aportar a porcentaxe e situación das estacións depuradoras que teñan a día de hoxe un proceso de depuración terciario.

7.- A realizar un seguimento mensual, con información pública do mesmo, dos verquidos realizados pola estacións depuradoras, con autorización para o mesmo, con indicación dos motivos.

7.- Establecer un plan de eliminación dos milleiros de puntos de verquido recoñecidos mediante un cronograma de actuacións concretas.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 18:11
Nº Rexistro: 51775
Data envío: 27/06/2016 18:11:32.733

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 27/06/2016 17:59:13

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/06/2016 17:59:23



5. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

5.2 09/PNP-003711 (0050551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Francisco Xesús Jorquera Caselas

Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva



(0050551) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun marco galego de relacións laborais e á defensa da negociación colectiva en Galiza.

Os cambios introducidos nos anos 2011 e 2012 polos sucesivos gobernos españois na normativa legal a través do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012, supuxeron unha modificación moi importante do Estatuto dos Traballadores en materia de negociación colectiva, en temas fundamentais como a aplicación e interpretación do convenio colectivo, a flexibilidade interna, a estrutura da negociación colectiva, a lexitimación para negociar ou a concorrencia, prevalencia, contido e vixencia dos convenios colectivos.

A prioridade dos convenios de empresa fronte aos de sector podendo rebaixar o que estes recollen, o limitar a ultraactividade dos convenios a un período máximo dun ano, a facilidade ou a liberdade das empresas para non aplicar un convenio colectivo, teñen xerado un panorama realmente desolador. O contido dos convenios empeorou; os salarios nuns casos diminuíron, noutros quedaron conxelados e noutros tiveron uns incrementos ridículos; cada vez, inaplícanse máis convenios ou simplemente non se negocian e incrementáanse as desigualdades salariais entre traballadores e traballadoras dunha mesma empresa e mesmo entre empresas dentro dun mesmo sector.

Esta é a dura realidade que exemplifica en que medida estas reformas da negociación colectiva están a prexudicar os intereses da clase traballadora xerando un




marco de negociación claramente desequilibrado a favor dos intereses da patronal. Estamos a falar, pois, de cambios na normativa laboral, feitos conscientemente polos gobernos españois correspondentes, coa finalidade de provocar unha caída xeneralizada dos salarios, dividir a clase traballadora pola vía da atomización dos convenios e a individualización da negociación das condicións laborais, en definitiva, matar o principal instrumento de participación e de conquista de melloras salariais e laborais que teñen os traballadores e traballadoras.

Este proceso de deterioración das condicións de traballo de amplos sectores da clase obreira, veuse á súa vez agudizado coas sucesivas contrarreformas laborais que facilitaron e abarataron o despedimento, flexibilizaron a contratación facilitando o fraude e a precarización da mesma, facilitaron modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada, etc., baixo a falsa xustificación de ser políticas necesarias para poder saír da crise, pondo interesadamente como unha das causas principais da orixe e saída desta as supostas rixideces do mercado laboral, agochando así as verdadeiras razóns desta crise que teñen a súa orixe no modelo económico financeiro de economía especulativa.

Todas estas reformas laborais viñeron a mudar, pois, a razón de ser do dereito do traballo, como un dereito tuitivo e protector da parte máis débil nas relacións laborais, a clase traballadora, para convertelo nunha ferramenta económica ao servizo do beneficio e a competitividade empresarial.

Estamos, xa que logo, nunha situación de emerxencia para a clase traballadora que require por unha banda a derogación do Real Decreto Lei 7/2011, Real Decreto Lei 3/2012 e a Lei 3/2012 e, por outra, recuperar o protagonismo e o fortalecemento da negociación colectiva e iso non é posíbel sen a participación activa da clase traballadora, o cal implica promover e potenciar os ámbitos de negociación no que sexan os traballadores e traballadoras afectados, así como os empresarios, os



verdadeiros protagonistas a hora de decidir sobre o que se negocia, se acorda e en que termos se fai a negociación. Estamos a falar pois de que calquera ámbito de negociación que afaste esta dos seus directos beneficiarios e dificulte o acceso á información, a toma de decisións e o control sobre esta, debe ser desbotado. En coherencia con isto, consideramos contrario aos intereses da clase traballadora e a unha dinámica que supoña o fortalecemento da negociación colectiva, calquera proceso de estatalización dos convenios hoxe existentes en Galiza, no ámbito provincial ou de empresa.

Todo isto lévanos a reafirmarnos na necesidade de que toda a negociación colectiva debe desenvolverse no ámbito galego, baixo o estrito control e interese da clase traballadora e da patronal galegas, priorizando as unidades de negociación sectorial máis próximas e apostando polo tanto responsabelmente a defender de forma colectiva a autorregulación dunha materia que ten que ser básica a hora de fixar as condicións de traballo e adaptalas á realidade social e económica de Galiza. O cumprimento deste obxectivo contribuiría a superar a realidade que se dá hoxe de que calquera referencia comparada coa media do Estado, do mercado laboral en Galiza, no que se refire a salarios, precariedade, pensións, sinistralidade, emprego e emigración, é negativa para a clase traballadora galega o que pon de manifesto a evidencia de factores estruturais que se obxectivan ao abeiro do marco actual e que polo tanto fan imprescindible a necesaria reversión deste marco de relacións laborais.

O respecto a un marco propio de negociación e de relacións laborais en Galiza foi o que motivou a iniciativa de creación no campo institucional de organismos como o Consello Económico e Social (CES) e o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). A importancia tamén dese marco propio de negociación ponse de manifesto no peso moi maioritario que tradicionalmente tiveron en Galiza os convenios provinciais de sector ou de empresa. O propio CGRL ten elaborado informes e feito pronunciamentos no sentido da importancia dun Acordo Marco Interconfederal en Galiza que contribuíse a fortalecer a negociación colectiva en Galiza e a superar a actual



estrutura atomizada, dispersa e non ben articulada, con sectores sen regulación e outros con problemas de colisión de ámbitos de aplicación.

Diante da situación descrita nos parágrafos anteriores, recoñecendo o carácter da negociación colectiva como fonte de dereito que nos pode permitir superar, en certa medida, o hándicap de que as competencias lexislativas nesta materia sexan do Estado e tendo en conta que é unha peza clave nas relacións laborais en Galiza a hora de fixar as condicións de traballo, dereitos e obrigas, nun sector ou empresa, entre empresari@s e traballador@s, en función da nosa propia realidade socioeconómica e laboral, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a seguinte declaración de vontade:

1.- Defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais.

2.- A defensa dun marco galego de relacións laborais debe conlevar:

a) Que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais. Igualmente os acordos sobre materias concretas ou acordos de estrutura a nivel de Galiza deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellantes características.

b) Reforzar a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo.



c) Que os convenios sectoriais teñan a consideración de dereitos básicos, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia.

3.- O Parlamento galego acorda apoiar todas aquelas iniciativas, sindicais ou lexislativas, que contribúan a facer viábel este pronunciamento.

4.-O Parlamento galego aproba así mesmo, dar traslado deste pronunciamento a todas as organizacións empresariais e sindicais actúantes en Galiza, así como o Consello Galego de Relacións Laborais.”

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 12/05/2016 13:41:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 12/05/2016 13:41:35

(0051740) Emendas dos Grupos Parlamentarios

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 11:32
Nº Rexistro: 51740
Data envío: 27/06/2016 11:32:35.155

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través da súa deputada **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do G.P. do BNG 50551 (09/PNP-003711)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva, incluída na orde do día do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 28 de xuño de 2016.

EMENDA DE ADICIÓN:

Proponse engadir á parte resolutiva unha nova alínea 5 co seguinte texto:

5. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galiza a convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.


Pazo do Parlamento a luns, 27 de xuño de 2016

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

1






GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 11:32
Nº Registro: 51740
Data envío: 27/06/2016 11:32:35.155

María Consuelo Martínez García na data 27/06/2016 11:31:53





(0051757) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva, (50551,09/PNP-003711).

Emenda de substitución,

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

1. Manifestar a necesidade de que ás organizacións sindicais e empresariais mais representativas de Galicia negocién un acordo marco sobre a estrutura e contidos da negociación colectiva en Galicia que contribúa a unha maior axilidade e mellora dos contidos dos convenios colectivos, utilizando os mecanismos que o Consello Galego de Relacións Laborais pon a disposición das mesas negociadoras de convenios colectivos, de acordos marco ou de solución extraxudicial de conflitos.
2. Mostrar o seu apoio a todas aquelas iniciativas conxuntas empresariais e sindicais nesta materia, que redunden nunha mellor negociación colectiva dentro do marco legal e dentro do marco convencional galego de relacións laborais.
3. Dar traslado deste pronunciamento ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas actuantes en Galicia, así como ao Consello Galego de Relacións Laborais.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hóbreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 516
F. 981 551 422
e: psp@parlamentodegalicia.es
www.pspgalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 17:06
Nº Registro: 51757
Data envío: 27/06/2016 17:06:29.061

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2.016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/06/2016 17:05:27

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hóroco, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 519
F. 981 551 422
gp-ppl@parlamentodegalicia.es
www.ppldegalicia.com



(0051764) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Quintas Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva (09/PNP-003711, doc. núm. 50551)

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que reclame do Goberno central volver a situación anterior á reforma do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.”

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2016

Asdo.: María Quintas Alvarez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 27/06/2016 17:24:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2016 17:25:09



(0051776) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 27/06/2016 18:11
 Nº Rexistro: 51776
 Data envío: 27/06/2016 18:11:56.311

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega
 de Esquerda



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Juan Manuel Fajardo Recouso**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 50.551 (09/PNP 003711)**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva.

Emenda de Adición

Débase engadir ao final do apartado 2.a) o seguinte texto:

“Naqueles aspectos que supoñan condicións máis beneficiosas, ou na súa totalidade, si o é no seu conxunto.”.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 27/06/2016 18:07:25

Anton Sánchez García na data 27/06/2016 18:07:32



5.3 09/PNP-003739 (0050798)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Antonio Goldar Güimil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Alejandro Gómez Alonso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Angel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Enrique Nóvoa López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Teresa Cancelo Márquez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rosa Oubiña Solla
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Berta Pérez Hernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Elena Cruz González Sánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Javier Jorge Guerra Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Javier Dorado Soto


Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaoito anos



(0050798) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jesús Goldar Güimil, Alejandro Gómez Alonso, Miguel Tellado Filgueira, Cristina Romero Fernández, Enrique Nóvoa López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Maite Cancelo Márquez, Rosa Oubiña Solla, Berta Pérez Hernández, Elena González Sánchez, Javier Guerra Fernández, Jacobo Moreira Ferro e Javier Dorado Soto**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado día 12 de maio, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente, trala súa aprobación polo Consello de Goberno, a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social e que consistirá na implementación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores e as menores de 18 anos.

Coa devandita medida o goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos, entre os que destacan o de garantir un mellor futuro dos nenos, e nenas, e da mocidade galega; promover o uso do transporte público e a accesibilidade ao mesmo; axudar á economía das familias con menores que se suma ás bonificacións xa existentes -que supoñen aforros medios de arredor de 600 € anuais e a bonificación adicional ás familias numerosas- , máis tamén pretende educar aos nenos e nenas, e mozos e mozas, no uso do transporte público.

A aplicación desta nova medida social, cun investimento anual de 2 millóns de euros por parte do goberno galego, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos poderán beneficiarse dela; e será especialmente relevante para os rapaces e rapazas de ensinanza non obrigatoria, na cal o transporte escolar non é gratuito. Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais.

Non obstante, este Grupo Parlamentario entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia, isto é, sobre o transporte metropolitano interurbano das áreas de Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, debера completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que os concellos teñen competencia exclusiva, sempre e cando estes concellos



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



verdadeiramente teñan interese en mellora-lo futuro da mocidade galega ao tempo que promocionan o seu transporte urbano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei para en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que solicite aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a que durante o ano 2016 adopten cantas medidas sexan necesarias có fin de estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/05/2016 17:26:05

Jesus Goldar Guimil na data 24/05/2016 17:26:15

Alejandro Gómez Alonso na data 24/05/2016 17:26:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/05/2016 17:26:33

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/05/2016 17:26:42

Enrique Novoa López na data 24/05/2016 17:26:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/05/2016 17:26:57

Gonzalo Trenor Lopez na data 24/05/2016 17:27:05

Jaime Castiñeira Broz na data 24/05/2016 17:27:12

María Teresa Cancelo Márquez na data 24/05/2016 17:27:20

Rosa Oubiña Solla na data 24/05/2016 17:27:30

Berta Pérez Hernández na data 24/05/2016 17:27:37

Elena Cruz González Sánchez na data 24/05/2016 17:27:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2016 17:29
Nº Rexistro: 50798
Data envío: 24/05/2016 17:29:20.827

Javier Jorge Guerra Fernández na data 24/05/2016 17:27:52

Jacobo Moreira Ferro na data 24/05/2016 17:28:04

Javier Dorado Soto na data 24/05/2016 17:28:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0051736) Emendas dos Grupos Parlamentarios

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través da súa deputada **Mónica Fernández Rodríguez**, ao abeiro no disposto do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G.P. Partido Popular 50798** (09/PNP-003739) sobre a solicitude do goberno galego aos concellos de A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos, incluída na orde do día do vindeiro **Pleno** que se celebrará o martes 28 de xuño de 2016

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Propónse substituír á parte resolutiva da Proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza, insta á Xunta de Galiza a:

- Solicitar aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a facer un cronograma e aplicar antes de rematar o ano 2016 para adoptar todas as medidas necesarias co fin de estender a gratuidade ou a redución da tarifa respondendo ás necesidades dos diferentes estratos sociais, tanto por idade como pola capacidade adquisitiva: poboación infantil, estudantes, persoas xubiladas, xente traballadora, colectivos con rendas baixas, persoas en paro ou sen ingresos, persoas con discapacidade.
- Integrar estas mesmas características no transporte público de Galiza da competencia da Xunta no mesmo período.
- Incluír a bonificación a aquelas persoas usuarias habituais do transporte público, polo comportamento que repercute no beneficio do conxunto da sociedade.



PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 27/06/2016 09:33
 Nº Rexistro: 51736
 Data envío: 27/06/2016 09:33:20.858

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

-
- Potenciar un transporte público de calidade, que responda ás necesidades de mobilidade da poboación, factor de cohesión social, ofrecendo a redistribución nos distintos medios de transporte que represente un importante beneficio medio ambiental.


Pazo do Parlamento a luns, 27 de xuño de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
 Deputada do G.P.Mixto do Parlamento de Galicia
 Consuelo Martínez García
 Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 27/06/2016 09:31:46

María Consuelo Martínez García na data 27/06/2016 09:31:56





(0051750) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción de medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaoito anos (09/PNP-003739, doc. núm. 50798)

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir un proceso de negociación bilateral cos cinco concellos que contan actualmente con transporte urbano, para acadar mecanismos de financiamento para a gratuidade do mesmo para os menores de 18 anos.
2. Inserir orzamentariamente esta medida nos programas de acción social que desenvolve a Xunta de Galicia.”

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 16:36
Nº Rexistro: 51750
Data envío: 27/06/2016 16:36:06.030



Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 27/06/2016 16:32:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2016 16:32:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0051778) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 27/06/2016 18:12
 Nº Rexistro: 51778
 Data envío: 27/06/2016 18:12:54.077

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega
 de Esquerda



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, doc. núm. 50798 (09/PNP 003739)**, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para atender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaoitto anos.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débase substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que solicite aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a que durante o ano 2016, e de acordo coas medidas de cofinanciamento que estableza a Xunta de Galicia, adopten cantas medidas sexan necesarias co fin de estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos."

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2016 18:12
Nº Rexistro: 51778
Data envío: 27/06/2016 18:12:54.077

Voceiro S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/06/2016 18:10:58



5.5 09/PNP-003757 (0050903)

Grupo Parlamentario Mixto - Mónica Fernández Rodríguez
Grupo Parlamentario Mixto - María Consuelo Martínez García

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia



(0050903) Entrada da iniciativa

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Mónica Fernández Rodríguez** e **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da celebración do Día Europeo da Rede Natura 2000, o 21 de maio, World Wildlife Fund (WWF) que é unha das organizacións de conservación da natureza máis importantes del mundo, vén de presentar un informe sobre o grao de desenvolvemento dos plans de xestión destes espazos protexidos dentro do estado español. A Galiza lle corresponde a valoración máis negativa, en virtude da análise do Plan Director da Rede Natura 2000, aprobado en 2014.

Segundo WWF, o Plan Director da Rede Natura 2000 falla á hora de identificar as ameazas, os obxectivos de conservación son moi xenéricos, o que dificulta comprobar o seu cumprimento. As medidas propostas non aseguran a conservación de todas as especies e hábitats de interese comunitario e están descritas de xeito superficial, e non se describen as fontes de financiamento.

O documento resulta completamente insuficiente para a correcta xestión da Rede Natura 2000 en Galiza, e de manterse en vigor habería que facer plans específicos para cada un dos espazos.

WWF demándalle á Comisión Europea que lle esixa ao Goberno español que unifique criterios e que cumpran os requisitos legais mínimos e teñan os correctos financiamentos.

1

GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Solucionar as deficiencias do Plan Director da Rede Natura 2000 contempladas neste estudo para cumprir cos requisitos legais mínimos.
- Facer os plans específicos para cada un dos espazos de Rede Natura 2000.
- Apostar por políticas de conservación cunha maior definición e protección axeitada no territorio galego e dotados dun correcto financiamento.”

Pazo do Parlamento, a 26 de maio de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 26/05/2016 13:51:19

María Consuelo Martínez García na data 26/05/2016 13:51:26



(0051771) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Mixto, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia, (50903.09/PNP-003757).

Emenda de substitución

Deberá substituírse o texto da parte resolutiva, polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver plans específicos e políticas de conservación e protección axeitadas para o territorio galego incluído dentro da Rede Natura”.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/06/2016 17:26:32

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA
Rúa do Hóeren, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 516
F. 981 551 422
gpg@xunta.galicia.es
www.ppskgalicia.com



5.7 09/PNP-003792 (0051317)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Ramón Vázquez Díaz

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - José Javier Ron Fernández

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Antón Sánchez García

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Juan Manuel Fajardo Recouso


Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Xosé Manuel Beiras Torrado

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Eva Solla Fernández

Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior



(0051317) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega
de Esquerda



Á MESA DO PARLAMENTO


Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso e Xosé Manuel Beiras Torrado** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Pleno**, sobre os prezos públicos das matrículas universitarias de materias sen dereito a docencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada crise económica está a afectar de xeito agresivo ás clases populares do noso país, someténdoas a un contexto de continuos recortes de dereitos. Nesta conxuntura histórica, para moitas familias Galegas resulta imposible poder asumir o custe dos estudos universitarios dos seus fillos, volvéndose así a tempos xa superados nos que só os estudantes de procedencia adiñeirada podían acceder a un título universitario.

O Goberno galego presume acotío de conxelar o prezo das matrículas universitarias....mais nun contexto de continuos recortes dos orzamentos das universidades públicas galegas, este feito tradúcese nun novo recorte repercutido nos recursos dispoñibles para o Sistema Universitario Galego.

Cada ano centos de estudantes son requiridos por impago da matrícula universitaria, sendo estas débedas a causa pola que moitos deles e delas abandonan as súas carreiras universitarias ou se ven obrigados a compaxinar os



estudos con traballos precarios para poder asumir os gastos de matrícula, transporte, estadia e manutención.

Alternativa galega de Esquerda defende unha Universidade Pública á que poda acceder todo o alumnado con independencia da súa capacidade económica. Compre pois introducir medidas de xustiza fiscal que rachen coas barreiras existentes neste momento.

Unha clara mostra desta situación de inxustiza prodúcese na falla de adecuación dos prezos universitarios naquelas titulacións nas que desapareceu o dereito a docencia.

Compre dicir que o prezo das taxas universitarias xustifícase en boa medida, como unha contribución dos e das estudantes para facer fronte á docencia recibida, incluíndo as clases teóricas, as prácticas, laboratorio etc...sendo este prezo variable en función do custe estimado das diferentes titulacións.

Aínda que a categoría de materias con dereito a exame sen docencia foi recollido nos Decretos de prezos públicos universitarios, a súa aplicación restrinxíuse unicamente ás antigas Licenciaturas. Unha decisión que a priori pode parecer lóxica, posto que non cabía esperar que existisen materias sen docencia nos Graos apenas uns anos transcorridos despois da implantación do EEES.

Con todo, existen hoxe máis de 1000 estudantes só na Universidade de Vigo, que cursan plans de Grado a extinguir, e que polo tanto se ven obrigados a pagar os mesmos prezos que o resto de estudantes, sen ter con todo dereito a docencia, avaliación continua ou titorías.

Por todo elo consideramos imprescindible establecer unha medida de equidade de xeito que se garanta un prezo xusto a todo o estudantado que non ten dereito a docencia independentemente da súa titulación de procedencia.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a aplicar unha tarifa reducida a todas e todos os estudantes universitarios sen dereito a docencia procedentes das antigas Licenciaturas e dos novos Graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior, aplicando un prezo que, de acordo co decreto de prezos vixente neste momento, se situaría nos 20 euros por materia harmonizando así as diferentes casuísticas.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 08/06/2016 17:14:03

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/06/2016 17:14:15

Anton Sánchez García na data 08/06/2016 17:14:23

Eva Solla Fernández na data 08/06/2016 17:14:32

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/06/2016 17:14:39

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/06/2016 17:14:48



(0051749) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa da súa deputada, **Concepción Burgo López**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016 – 2017, dunha tarifa reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior (09/PNP-003792, doc. núm. 51317)

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“As universidades serán compensadas pola Xunta de Galicia do descenso de ingresos que esta medida poida ocasionarlles.”

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 27/06/2016 16:24:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2016 16:24:08

